

RESUMO DE CONTIDOS

A banda sonora da túa vida

Música | 2º ESO



Índice

A banda sonora da túa vida.....	2
3. A <i>playlist</i> do teu día.....	2
3.2. Ponlle nome ao que escoitas.....	2
3.3. Festas na vila!.....	4
3.4. Música de alta voltaxe.....	5
3.5. Merendando entre escaravellos e guitarras.....	5
3.6. Un traballo ao ritmo do Bronx.....	7
3.7. A revolución do son.....	8

A banda sonora da túa vida

3. A *playlist* do teu día

3.2. Ponlle nome ao que escoitas

Os instrumentos da orquestra

Os instrumentos da orquestra organízanse por familias dependendo de que material vibra para facer o son.

Cordófonos

O son prodúcese mediante a vibración dunha ou varias cordas tensadas. Para que o son se escoite forte, utilizan unha caixa de resonancia. Segundo como se faga vibrar a corda:

- Corda **fretada**: úsase un arco. Son o corazón da orquestra.
- Corda **pulsada**: as cordas tócanse cos dedos ou unha puga (arpa).
- Corda **percutida**: as cordas son golpeadas por pequenos martelos (o piano, que aínda que pareza de percusión pola súa forma de tocar).

Aerófonos

O son xérase pola vibración dunha columna de aire no interior do tubo do instrumento. Divídense en dous grupos segundo o material ou a súa boquilla:

- **Vento-madeira**: aínda que hoxe moitos sexan de metal, clasifícanse así pola embocadura ou por usar canas de madeira. Exemplos: óboe, clarinete e fagot.
- **Vento-metal**: son instrumentos de metal cunha boquilla en forma de copa. O músico fai vibrar os beizos para producir o son. Exemplos: trompeta, trompa, trombón e tuba.

Percusión

Instrumentos que soan ao ser golpeados, sacudidos ou rozados. É a familia máis variada da orquestra e divídese pola súa afinación:

- **Afinación determinada**: poden dar notas musicais concretas e tocar melodías (timbais, xilófono, campás tubulares).
- **Afinación indeterminada**: producen ruídos ou sons rítmicos sen unha nota fixa (caixa, bombo, pratos, triángulo).

A evolución da orquestra

Barroco

Nesta época, a orquestra aínda era pequena e variable.

Non había un estándar fixo, pero o grupo principal era a familia da corda (violíns, violas, violonchelos e contrabaixos).

- A peza clave: o clavicordio ou cémbalo. O músico que o tocaba adoitaba ser o director ao mesmo tempo.
- **Curiosidade:** engadíanse instrumentos de vento (fautas ou óboes) dependendo de quen estivese dispoñible ese día.

Clasicismo

Aquí é onde a orquestra se profesionaliza, os músicos son traballadores aos que se lles paga por tocar.

- **Características:** establécese un número de instrumentos fixo.
 - A corda segue mandando, pero o vento-madeira (dúas fautas, dous óboes, dous clarinetes e dous fagots) vólvese imprescindible.
- **Novidade:** aparece a figura do "Director de orquestra" tal e como o imaxinas hoxe, para coordinar a tantos músicos.
 - Mozart e Haydn foron os reis desta etapa.

Romanticismo

Os compositores desta época (como Beethoven ou Wagner) querían expresar emocións xigantes, e para iso necesitaban unha "máquina" máis grande.

- O **crecemento:** a orquestra multiplica o número de músicos.
- **Vento-Metal:** engádense trompeta con válvulas, trombóns e a tuba, que lle dan unha potencia épica.
- **Percusión:** xa non son só timbais, aparecen o bombo, os pratos e o triángulo. É o son que hoxe asocias ao cine de acción.

Século XX e XXI

Na actualidade, a orquestra sinfónica mantén a base romántica, pero rompe todas as regras.

- **Eclecticismo:** podes ver unha orquestra clásica mesturada con guitarras eléctricas, sintetizadores ou instrumentos de calquera parte do mundo.
- **Novos espazos:** xa non só están nos teatros, hoxe a orquestra sobrevive grazas ás bandas sonoras de videoxogos e películas.

3.3. Festas na vila!

As agrupacións musicais

Grupo de gaitas

Os grupos de gaitas adoitan estar compostos por **gaita, pandeireta, tamboril e bombo** e a partir de aí engadir podes engadir a cantidade de instrumentos que queiras.

Banda de música

A diferenza da orquestra, a banda non ten corda (agás, ás veces, algún contrabaixo ou violonchelo). Está formada principalmente por instrumentos de **vento e percusión**.

Grupo de pandereteiras

As pandereteiras, ou cantareiras, son unha agrupación musical propia da **música tradicional galega**, que emprega as **pandeiretas** como principal acompañamento instrumental. Teñen a súa orixe nas reunións que facían ao rematar traballos de axuda entre familias veciñas, compartindo un tempo de comida, descanso e cantos.

Orquestra

É a formación máis grande e divídese en **catro familias**: corda, vento-madeira, vento-metal e percusión.

Banda de pop/rock

É a agrupación moderna por excelencia, a súa esencia ven dos **instrumentos eléctricos** como guitarra e baixo e adoitan levar unha **batería**.

3.4. Música de alta voltaxe

Electrófonos

Os electrófonos son os aqueles instrumentos que precisan de **electricidade** para crear ou variar o seu son.

Dentro desta familia destacan os **sintetizadores**. Mediante sinais eléctricas modulan o son, creando novos timbres ou imitando a outros instrumentos acústicos.

Instrumentos electrificados

A guitarra ou o **baixo eléctrico** son algúns dos instrumentos máis empregados dentro da música popular.

Dende a súa aparición convertéronse en iconas, sendo en moitos casos tan famosa a guitarra coa que se tocou unha canción coma o seu intérprete.

Tanto a guitarra como o baixo son instrumentos que producen o seu son mediante a vibración das cordas, non obstante, esta vibración é recollida por uns **captadores** chamados *pastillas* que converten a vibración nunha sinal eléctrica que é reproducida por un amplificador.

3.5. Merendando entre escaravellos e guitarras

Blues, gospel e jazz

O *blues*, o *jazz* e o *gospel* desenvolvéronse en Estados Unidos entre finais do século XIX e as primeiras décadas do século XX.

O **blues**, representado por artistas como Robert Johnson ou Bessie Smith, achegou estruturas harmónicas sinxelas e unha forte **carga emocional** centrada na experiencia persoal.

O **jazz**, que acadou gran popularidade nas décadas de 1920 e 1930 con figuras como Louis Armstrong ou Ella Fitzgerald, introduciu a **improvisación** un ritmo sincopado.

O **gospel**, desenvolvido nas igrexas afroamericanas desde comezos do século XX e representado por artistas como Mahalia Jackson, influíu na **intensidade vocal** e no uso do coro.

Country e rhythm and blues

Entre 1930 e 1940 dous xéneros se desenvolveron de xeito paralelo en Estados Unidos.

Por unha banda o *country* que procedía da música tradicional europea e está asociado á **poboación branca rural**.

O **country** caracterízase por **melodías sinxelas**, estruturas claras e o uso da guitarra. Destaca artistas como Hank Williams.

O **rhythm and blues** é unha evolución do *blues*, influído polo *jazz* e o *gospel*. Destaca o seu ritmo marcado e a súa **enerxía**, con figuras como Ray Charles.

Ambos os estilos desenvolvéronse de maneira independente, pero compartiron un mesmo contexto histórico e social.

A partir da súa **combinación**, comezaron a xurdir novas formas musicais máis dinámicas e accesibles ao público. Un dos exemplos máis destacados é **Elvis Presley**, quen fusionou o *country* e o *rhythm and blues* nas súas primeiras gravacións, dando lugar ao rock and roll.

Rock and roll

O **rock and roll** xurdiu nos Estados Unidos a comezos da década de 1950 como resultado da fusión entre o *country* e o *rhythm and blues*.

Este novo estilo caracterizouse por un **ritmo marcado**, o uso destacado da guitarra eléctrica e unha grande enerxía interpretativa que o diferenciaba dos xéneros anteriores.

Un dos **primeiros éxitos** do rock foi *Rock Around the Clock* de Bill Haley, que contribuíu á súa popularización entre a mocidade. Artistas como Elvis Presley convertéronse en símbolos do xénero, combinando influencias do *country* e do R&B cun estilo escénico innovador.

Outros músicos como Chuck Berry ou Little Richard achegaron unha maior **intensidade rítmica e presenza escénica**. Ademais de ser un estilo musical, o rock and roll

converteuse nun fenómeno cultural asociado á xuventude e á rebeldía. En conxunto, marcou o inicio dunha nova etapa na historia da música popular.

Pop

O **pop** xurdiu a partir da década de 1960 como unha evolución da música popular influída polo rock, caracterizada por **melodías pegadizas e estruturas sinxelas** orientadas ao gran público.

A diferenza do rock, máis complexo e expresivo, o pop céntrase na accesibilidade e no **éxito comercial**.

Grupos como The Beatles contribuíron á súa popularización, e artistas como Michael Jackson ou Madonna consolidárono a nivel mundial. Na actualidade, segue sendo un dos xéneros **máis escoitados e influentes**.

3.6. Un traballo ao ritmo do Bronx

O hip-hop

Orixes

O hip-hop xurdiu na década de 1970 no barrio do Bronx, en **Nova York**, dentro de comunidades afroamericanas e latinas. A súa orixe está relacionada coas *block parties*, **festas** que tiñan lugar nas **rúas** onde a xente nova se reunía para escoitar música e bailar.

Os DJ, abreviatura de *disc jockey*, creaban bases musicais cos tocadiscos e os MC, *master of ceremony*, improvisaran rimas.

Como era unha **música marxinal**, as primeiras gravacións de rap vendíanse na rúa, nos maleteiros dos coches. Deste xeito DJs e MCs facíanse coñecidos nos barrios.

Breakdance

O breakdance naceu xunto ao hip-hop. As persoas que bailan breakdance son denominados **b-boys ou b-girls** e improvisan as súas coreografías. Neste baile existen diferentes tipos de pasos:

- Os **toprock** realízanse de pé e serven para iniciar a coreografía.
- Os **footwork ou downrock**, son acrobáticos e realízanse no chan.

As mulleres

Nos inicios do hip-hop tamén houbo **artistas** Queen Latifah ou Monie Love que demostraron que esta era unha cultura para todas as persoas. O seu tema *Ladys First* é unha mostra, con frases como "os estereotipos deben fuxir, son un desastre pero cambio á escena" ou "como nai, como filla, desexo que me leves ao ritmo".

En **Galicia** tamén temos unha forte escena de hip-hop encabezada por mulleres cunha ampla traxectoria como Woyza.

A chegada a España

A chegada do hip-hop a España tivo lugar na década dos 80 de dúas formas diferentes.

Por unha banda, os **soldados estadounidenses** destinados en Rota, Torrejón de Ardoz e Morón de la Frontera trouxeron consigo cintas de casete e discos de rap, así como os diferentes bailes.

Por outra banda **películas** como *Beat Street* o *Breakin'* achegaron esta cultura a xente nova.

3.7. A revolución do son

Fonógrafo

A invención do fonógrafo, no 1877, atribúese a Thomas Edison. As ondas sonoras facían **vibrar unha agulla**, que tallaba suco nun cilindro recuberto de estaño ou cera.

Gramófono

Inventado por Emile Berliner no 188, substituíu o cilindro por **discos planos**.

Converteuse no estándar da industria musical.

Magnetófono

A primeira versión funcional importante apareceu no 1935, presentada pola empresa AEG na Feira de Radio de Berlín. Utilizaba **cinta magnética** recuberta de óxido de ferro. O son convertíase en sinal eléctrica producindo variacións magnéticas sobre a cinta.

Tocadiscos

Reproduce discos de vinilo. Usa cápsula e agulla con **amplificación eléctrica**.

O vinilo LP (1948) permitiu reproducir ata 25 min por cara, todo un récord naquelas datas.

Reprodutor de casete

Introducido por Philips no 1963. Formato compacto e portátil. A música estaba gravada nun **casete**, unha carcasa de plástico cunha cinta magnética dentro.

Walkman

Revoluciona a maneira de escoitar a música: **individual e móbil**.

Compact disc

A primeira versión funcional importante apareceu no 1935, presentada pola empresa AEG na Feira de Radio de Berlín. Utilizaba cinta magnética recuberta de óxido de ferro. O son convertíase en **sinal eléctrica** producindo variacións magnéticas sobre a cinta.

iPod

No 2001 Steve Jobs presentou un reprodutor de música **dixital portátil** que permitía levar mil cancións no peto. Popularizou a música dixital e o formato MP3. Cambiou a industria musical e sentou as bases para servizos como iTunes e Spotify.



“Resumo de contidos *A banda sonora da túa vida*”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)